

Exposición
"7+1 PROJECT ROOMS"

Un programa educativo para escolares
Nivel: educación secundaria / Bachillerato
De 12 a 18 anos

Grazas por seleccionar o MARCO para esta visita escolar. Esta Guía é unha introdución ás actividades (visita + obradoiro) deseñadas polo departamento educativo para a exposición titulada:

"7+1 PROJECT ROOMS"

Durante a visita abordaremos conceptos como o que significa o MARCO, cal é a súa función, e como ver e gozar a arte contemporánea. Introducimos o concepto de exposición e explicamos o contido da mostra que van ver.

A visita e obradoiro de **Secundaria** ten unha duración aproximada de **1 hora e 30 minutos**. Para o seu mellor aproveitamento, o persoal educador organiza os participantes de cada centro en grupos de **25 alumnos/as**. É necesario que os adultos que acompañan ao grupo permanezan con eles en todo momento. Non está permitido comer e beber no museo, exceptuando a zona de cafetería. Se o teu grupo ten algunha necesidade especial, ou prefires adaptar a visita na súa duración ou contidos, non dubides en comunicalo con antelación ao noso departamento educativo.

Seleccionamos algunhas obras e preparamos un percorrido pola exposición para desenvolver a **visita** en función das idades e dos contidos que se intentan transmitir. Procuramos conducila tratando en todo momento de conseguir o auto-descubrimento, formulando preguntas para que sexan eles mesmos os que ofrezan as respostas ao que están a percibir. Neste caso, a través do diálogo intentamos un achegamento afectivo á arte contemporánea, tratando de entendela como unha forma de expresión na que a través de diferentes materiais, técnicas e temas, os artistas se comunican coa sociedade.

A experiencia complétase cun **obradoiro** no 'Laboratorio das artes', o noso espazo de didáctica no primeiro andar, onde os participantes dan base a un proxecto escultórico no que ensaian a capacidade expresiva de materiais aparentemente non artísticos, como xornais e cinta adhesiva.

A exposición

A exposición '7+1 PROJECT ROOMS' é unha mostra do traballo de 8 artistas recoñecidos internacionalmente, de diferentes países e xeracións, pero cun denominador común, o interese polos temas sociais. Gerardo Mosquera é o comisario desta exposición que é a suma ou combinación de 8 proxectos realizados cada un deles para un lugar específico do museo. 7 destes artistas presentan as súas obras na planta baixa do museo, e 1 na fachada: de aí o título da exposición, '7+1 PROJECT ROOMS'. As obras, sexan novos proxectos ou adaptacións de obras anteriores, foron realizadas especificamente para cada 'room' ou espazo, mantendo a súa independencia pero sumando, unha a unha, diferentes formas de ver ,entender e sentir a arte e a expresión contemporánea.

Se desexas máis información sobre a exposición podes solicitala ao departamento didáctico, ou ben acceder a ela directamente na nosa web www.marcovigo.com (actualmente en proceso de renovación). No apartado **EXPOSICIÓNS TEMPORAIS/+INFO** atoparás a síntese do proxecto expositivo, información sobre os artistas e imaxes da exposición.

Posibilidades didácticas

'7+1' é o título elixido para a programación escolar que se ofrece en paralelo á exposición '7+1 PROJECT ROOMS'. O obxectivo xeral é a utilización da arte contemporánea para contribuír ao desenvolvemento das capacidades de observación e reflexión. En contacto directo coas obras procuramos que os participantes logren gozar das obras e artistas desta exposición, e comprender a información que ofrece a obra de arte.

A través da visita, dende sete perspectivas diferentes, seleccionadas en función das posibilidades didácticas das obras e das idades do alumnado, pretendemos contribuír á construción de coñecementos que ofrezan o alumnado distintas posibilidades para relacionarse nun futuro non só coa arte senón tamén co mundo que os rodea. As obras dos oito artistas presentes en '7 +1 Project Rooms' teñen un forte contido social, e o museo pode ser un excelente lugar para falar de forma distendida sobre temas sociais e culturais.

Procuramos desenvolver a visita a través do diálogo, baseado nun intercambio de información entre as obras de arte e o coñecemento ou experiencia previa dos alumnos/as. Por medio dun método non narrativo o educador actúa como ponte entre o público escolar e a arte contemporánea, intentando que observen os elementos que compoñen a obra, que obteñan información e que sexan capaces de pensar e reflexionar sobre o seu contido.

As ideas e conceptos desenvolvidos durante a visita teñen a súa continuidade no espazo do taller, o 'Laboratorio das artes', onde procuramos que poñan en práctica o aprendido e que fagan uso da súa creatividade e imaxinación para desenvolver unha proposta ou proxecto artístico. A idea de empregar materiais aparentemente non estéticos nunha obra artística é a base do traballo a desenvolver cos alumnos de secundaria, que explorarán as posibilidades expresivas de elementos comúns como papel de xornal e cinta de embalar.

Exposición "7+1 Project Rooms"

Un programa educativo para escolares
Actividades: educación secundaria / Bachillerato
De 12 a 18 anos

Idades: de 12 a 18 anos

Conexión con materias

- Educación plástica e visual
- Ciencias sociais, xeografía e historia

Obxectivos xerais

- Educar a mirada
- Aprender a observar e falar da arte contemporánea
- Desenvolver actitudes de pensamento crítico
- Participar, comunicarse, traballar en equipo
- Explorar as posibilidades expresivas dos materiais
- Reflexionar sobre o concepto de arte e cultura contemporánea
- Valorar e respectar as diferenzas persoais, sociais e culturais
- Coñecer o MARCO e a súa función social, procurando espertar un interese polo noso patrimonio cultural, contribuíndo activamente ao seu respecto, conservación, divulgación e mellora.

Habilidades e capacidades a desenvolver

- Percepción e observación visual
- Análise crítica dunha mensaxe
- Pensamento lóxico e resolución de conflitos
- Comunicación interpersonal e intrapersonal
- Creatividade

Proposta didáctica

1. Actividades para antes da visita (OPCIONAL)
2. A visita á exposición
3. O obradoiro no MARCO
4. Actividades para despois da visita (OPCIONAL)

Actividades para antes da visita [OPCIONAL]

1. Cuartos

Tipo de actividade

Análise de obras de diferentes épocas e estilos artísticos

Duración

1 sesión de 50 minutos [adaptable na súa duración, segundo necesidades ou posibilidades]

Descrición da actividade

Durante a visita ao MARCO veremos unha selección de obras de 8 artistas baixo o título '7+1 Project Rooms' [salas de proxectos]. Sete deles presentan as súas obras nas sete grandes salas da planta baixa, e un na fachada do museo. Cada artista utilizou de forma libre a sala ['room'] que se lle asignou cunha proposta totalmente independente. Ao entrar en cada espazo 'saímos' da realidade para entrar noutro lugar, no mundo persoal e creativo dese artista.

As obras neste caso son instalacións; sitúanse nun espazo no que o público entra, experimenta sensacións e emocións, e participa da obra. O contido envolve o espectador intensificando a súa experiencia. A propia sala convértese en parte da obra e é reinterpretada libremente polo artista. En '7+1 Project Rooms' entraremos en salas que foron transformadas polos artistas de modos moi diferentes, e pensaremos no que nos quixeron transmitir coas súas obras. Antes de que chegue o día da visita ao MARCO, propoñémosvos reflexionar sobre esta idea ou concepto.

Ao longo da historia da arte atopamos exemplos de artistas que proxectaron espazos con mensaxes, contidos ou funcións moi diferentes, e mesmo opostas. Nesta actividade observaremos e pensaremos en obras de artistas que traballaron o espazo de modos moi distintos.

Busca as seguintes obras de arte en Internet ou nunha enciclopedia; comprobarás que corresponden a artistas e estilos moi diferentes:

- *O cuarto de Vincent en Arlés*. Vincent Van Gogh
- *Cuarto de hotel*. Edward Hooper
- *Sala Mae West*. Salvador Dalí
- *Capela Sixtina*. Miguel Angel
- *Cuarto dun vello marino*. Urbano Lugrís

Ordenamos cronoloxicamente estas obras e artistas. Investigamos sobre cada un deles. Interpretamos cada unha das obras por separado e despois en conxunto:

- Que é o que ves?
- Que sensación che produce este espazo?
- Que é o que che fai sentir iso?
- Que elementos contén a obra?
- Cres que é unha simple reprodución do que o artista ve ou do lugar onde vive?
- Como describirías as liñas?
- Como describirías a cor?
- Por que cres que o artista creou este espazo?
- Que historia cres que nos intenta transmitir o artista?
- Que emocións trata de transmitir o artista?
- Que máis poderías dicir sobre esta obra?

Observa as cinco imaxes en conxunto e contesta:

- Que semellanzas atopas nestas cinco obras?
- Que diferenzas atopas na forma de representar o espazo?
- Que obra che suxire máis cousas ou che gusta máis?
- Con que obra te identificas persoalmente?
- Que estilo artístico empregarías ti para crear unha obra?

Podemos propoñer aos/as alumnos/as que de forma individual creen unha obra na que interpreten un espazo que pode ser a súa casa, o seu cuarto, a súa cidade... Deben procurar evitar unha representación da realidade física, tratando de reflectir os seus sentimentos, pensamentos e emocións na obra, procurando que sexa un traballo persoal que os identifique en relación con ese lugar. Finalmente presentamos os nosos traballos e comentamos en grupo os resultados.

2. Ideas en prisión

Tipo de actividade

Investigación sobre artistas e intelectuais perseguidos, exiliados ou encarcerados polas súas ideas

Duración

2 sesións de 50 minutos [adaptable na súa duración, segundo necesidades ou posibilidades]

Descrición da actividade

Tania Bruguera é unha das artistas da exposición que visitaremos no MARCO. Cando recibiu o encargo de crear unha instalación para esta exposición recorreu á memoria histórica do edificio do MARCO, que no seu momento fora cárcere e xulgados, para máis tarde converterse nun centro de arte contemporánea. A idea de arte e represión leva á artista, interesada pola relación entre política, vida e arte, a crear unha obra na que reproduce as antigas celas da prisión. Dentro de cada unha delas atópase un libro escrito no cárcere por un famoso preso político.

Nesta obra Tania Bruguera formula o uso que os poderosos fan da represión, e como encarceran a intelectuais ou políticos opostos ás súas ideas, crendo que así están illados da sociedade cando paradoxalmente, en palabras da artista, "dánelles as condicións para ennobrecer a súa imaxe e producir textos que poden servir de inspiración a outros".

Son en total dez celas que á súa vez conteñen dez libros escritos dende o cárcere. No museo un guía invítate a entrar nunha das celas e pasar nela tantos minutos como anos estivo na cadea a persoa que escribiu o libro.

Antes de coñecer a obra desta artista no museo, podemos reflexionar sobre o concepto de 'ideas en prisión', procurando investigar sobre artistas e intelectuais perseguidos, exiliados, encarcerados ou mesmo asasinados polas súas ideas. Mesmo hoxe en día atopamos persoas que continúan fuxindo dos seus países para evitar ser encarceradas.

Investiguemos:

Sobre pintores, escritores, músicos e todo tipo de artistas ou intelectuais que foron vítimas da represión en diferentes épocas. A continuación ofrecemos algunhas suxestións para orientar a nosa pescuda:

1. Investiguemos sobre escritores actuais perseguidos polos seus libros. Obras como *Los Versos Satánicos*, ou máis recentemente *Gomorra*, desataron persecucións cara aos seus autores. Quen son? por quen son perseguidos? de que tratan eses libros 'prohibidos'?
2. Investiguemos sobre famosos pintores do século XX españois que se exiliaron para evitar ser perseguido. Que significou iso para eles? como afectou á súa obra ou estilo?
3. Investiguemos sobre famosos escritores e pensadores que foron encarcerados, exiliados ou asasinados. Qué tipo de obra realizaban nese momento? cal foi a razón da súa persecución? como remataron as súas vidas?
4. Investiguemos sobre artistas que hoxe son considerados 'xenios', pero que no seu momento non foron entendidos e sufriron diferentes formas de illamento da sociedade.
5. Investiguemos sobre as relacións e vicisitudes de Miguel de Cervantes coa xustiza. Lemos e analizamos 'A historia do Cautivo' que aparece en *El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha*.

Suxestións:

- Nos dividimos por equipos para organizar a investigación, encargando a cada equipo unha parte do proxecto, e organizando o traballo no tempo e no espazo.
- Seleccionamos unha área a investigar: pode ser algunha das suxeridas ou calquera outra que teña relación co concepto 'ideas en prisión'.
- Fixamos un tempo límite para realizar a investigación e unha data para a presentación dos traballos.
- Acompañamos a presentación con imaxes e documentos que ilustren a nosa investigación.
- Intentemos realizar un traballo 'persoal' no que tamén teñan cabida as nosas reflexións e pensamentos sobre o personaxe ou personaxes investigados.

VISITA E OBRADOIRO NO MARCO

Educación Secundaria

A visita á exposición

Durante a visita abordaremos conceptos como que é o MARCO, cal é a súa función, e que tipo de actividades realiza. Introducimos o concepto de exposición, explicando o contido da que van ver: '7+1 PROJECT ROOMS'.

A relación entre o artista e o seu ámbito social e cultural foi e é unha constante na arte. En ocasións, o artista contemporáneo expresa con total liberdade temas sociais sobre os que o espectador reflexiona, e interpreta, tomando parte activa no resultado definitivo da obra. A través de sete preguntas procuramos que o alumno/a pense, participe e tome unha actitude crítica ante a selección de obras e temas que lle propoñemos. Sete propostas de acción ante a arte que se suman ou combinan co obxectivo de observar, reflexionar e actuar.

O obradoiro no Laboratorio das Artes

Como complemento á visita propoñemos un proxecto artístico que se desenvolve no 'Laboratorio das Artes' e que ten como obxectivo descubrir as posibilidades expresivas de materiais incorporados á arte polos creadores contemporáneos. Cinta adhesiva e papel de xornal son os materiais que utilizarán para crear un proxecto escultórico independente que se suma ás creacións de cada participante e que pasarán a formar parte dun conxunto escultórico común.

Actividades para despois da visita [OPCIONAL]

1. O artista no mundo

Tipo de actividade

Debate colectivo e proxecto de colaxe por grupos

Duración

A determinar polo profesor/a. É interesante desenvolver esta actividade en polo menos dúas sesións de traballo.

Descrición da actividade

Durante a visita ao MARCO vimos que os artistas presentan a miúdo obras con grande carga de significado, nas que demostran o seu interese pola sociedade na que viven e os problemas aos que se enfrontan.

1ª parte: DEBATE

Debate aberto sobre a nosa visión dos problemas sociais

- Cales son ao teu xuízo os principais problemas sociais a escala internacional?
- Cres que se poñen os medios suficientes para solucionarlos?
- Cres que a sociedade está preocupada por estes temas?
- De que forma podemos achegar a nosa colaboración como cidadáns?
- Cales consideras que son os principais problemas sociais no teu país?
- Cales cres que son os principais problemas na túa cidade?
- Están relacionados?

Recordemos algúns dos conceptos que trataban os artistas da exposición '7+1 Project Rooms' nas súas obras. Como vimos, son artistas preocupados polo mundo no que viven. Relacionemos os problemas que abordaban cos puntos que xurdiron durante o debate anterior. Observemos se os problemas formulados polos artistas coinciden cos nosos, e pensemos na nosa posición sobre a arte e os artistas contemporáneos:

- Cres que a arte contemporánea é un reflexo da sociedade?
- Cres que os artistas colaboran coa sociedade ao presentar estes temas?
- Cres que unha mensaxe artística pode servir de algo?
- Como representarías unha mensaxe deste tipo se foses artista?

2ª parte: PROXECTO ARTÍSTICO

A continuación desenvolveremos unha actividade plástica que trate de representar algúns dos temas tratados durante o debate. Dividímonos en grupos de 4/5 e eliximos dentro do grupo un/ha `comisario/a`, que terá o mesmo papel que os demais pero que ademais se encargará da toma de decisións en nome do grupo.

Cada grupo selecciona un problema social ou cultural para abordar na súa obra, que consiste nun mural-colaxe. Podemos buscar información en Internet sobre artistas contemporáneos que utilizan a colaxe, e traer exemplos dalgunha obra que nos chame particularmente a atención.

Cada grupo analiza por separado as obras que traen os seus compañeiros, fixándose en qué elementos contén, qué significado teñen no conxunto, que elementos ou materiais son meramente decorativos, e que sensacións ou que impresión produce o resultado.

Analizadas as obras teremos a base necesaria para poñer en marcha o noso proxecto. Podemos empregar algúns dos `trucos` utilizados polos artistas para resaltar a mensaxe:

- Introducir elementos reais (teas, papeis, etc.)
- Ampliar ou reducir o tamaño das imaxes
- Provocar asociacións achegando elementos
- Crear algunha zona con relevo ou elementos que sobresaen
- Engadir cores vivas para resaltar certos contidos
- Empregar imaxes da realidade
- Utilizar símbolos

Unha vez finalizados, exporemos todos os murais e cada grupo comentará o seu traballo aos outros grupos, que analizarán cada obra destacando o que lles parece máis suxestivo e achegando a súa opinión sobre o conxunto.

2. Conexións

Tipo de actividade

Investigación sobre espazos e lugares emblemáticos ou cunha carga de significado especial para a nosa cidade

Duración

1 sesión de 50 minutos [adaptable na súa duración, segundo necesidades ou posibilidades]

Descrición da actividade

Unha das obras que vimos durante a visita á exposición '7+1 Project Rooms' no MARCO é a de Teresa Margolles, que consistía nunha sala branca con altofalantes que recollían a través de gravacións o son de lugares onde se atoparan os corpos de mulleres asasinadas en Ciudad Juárez, México. A artista é consciente do grande problema social que supoñen estes crimes e quere á súa vez facernos conscientes de como en ocasións a morte e a violencia forman parte da nosa vida cotiá.

Neste caso elúdese todo tipo de representación da violencia e calquera alusión visual ao lugar ou aos sucesos acontecidos. A través do son conéctanos fisicamente co lugar, nun intento de facernos conscientes da súa existencia e da problemática que se vive nese espazo físico. Lonxe de representar un tema, a artista provoca unha asociación pero consegue implicar o espectador cunha mensaxe de gran forza.

Nesta actividade cada un de nós investigará sobre un lugar da nosa cidade que sexa testemuño vivente de algo ou de alguén, aínda que non necesariamente cunha carga negativa. Despois contaremos a historia pero sen tratar de representala ou de reproducila, senón utilizando outros medios similares á asociación lugar-son de Teresa Margolles na súa obra.

Reflexionamos detidamente sobre o que imos contar e decidimos se será un feito histórico, social ou persoal. Pensamos nos medios que temos ao noso alcance, intentando ser creativos na forma de presentar o proxecto. Recordemos que ás veces os artistas non son descritivos senón que intentan que o espectador, coa súa reflexión, sexa parte activa da obra.

En definitiva, non se trata de representar ou describir, senón de provocar...

- Conexións
- Asociacións
- Lembranzas
- Combinacións
- Reflexións

Como suxestión, algunhas ideas:

- Reproducir unha escena da emigración escribindo unha carta que describa a partida de alguén.
- Reproducir unha escena da historia da cidade fotografando uns restos arqueolóxicos.
- Reproducir unha escena persoal gravando unha entrevista a alguén que viviu algún suceso de relevancia.
- Reproducir a vida social doutra época a través dunha colaxe de fotografías antigas e fotografías actuais de obxectos antigos.
- Reproducir un feito histórico por medio dunha gravación do son actual do lugar onde aconteceu (por exemplo, un episodio bélico ou conmemorativo).
- Reproducir outra época a través de fotografías en branco e negro de persoas e lugares (un barco chegando a porto, unha escena de comercio nun mercado ...)
- Reproducir outra época a través da combinación de imaxes de pinturas históricas e retratos de personaxes de relevancia con fotografías de persoas e lugares actuais relacionados con eles.

Dedicaremos unha sesión á presentación dos traballos individuais, na que cada un terá oportunidade de explicar a súa obra e de interpretar e valorar a dos seus compañeiros.

SUXESTIÓNS

Gustaríanos que sentises este museo como teu e compartir contigo os recursos para contribuír á mellora da educación artística. Se tes algunha idea para desenvolver programas ou actividades educativas relacionadas coa arte e a cultura contemporánea e queres colaborar co MARCO, ponte en contacto connosco.

Agradeceríamos que nos fixeses chegar os resultados das vosas actividades ou proxectos, así como calquera outra información relacionada con esta experiencia: que che parece o enfoque do noso programa educativo? cal é a túa opinión profesional? tes algunha suxestión?

Podes facernos chegar os teus comentarios **persoalmente**, por **correo postal**, ou a través do **teléfono**, **fax**, ou **correo electrónico**, á atención de

Marta Viana Tomé
Pilar Souto Soto
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Departamento Didáctico
Príncipe 54
36202 Vigo
Tel. +34 986 113900
Fax +34 986 113901
marta.viana@marcovigo.com
pilar.souto@marcovigo.com

Pedro A. Cordón Casais
Asesor e autor do programa educativo